

XIII ELC

XORNADAS INTERNACIONAIS DE INICIACIÓN Á INVESTIGACIÓN EN ESTUDOS DA LITERATURA E A CULTURA

«Materialidades: corpos, obxectos e con-textos»

25, 26 e 27 de marzo de 2026

Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de
Compostela (USC)

"A historia non se compón só de acontecementos, senón tamén das pegadas que estes deixan nas cousas."
— Walter Benjamin, *Iluminacións* (1931)

"O sentido non está só nas ideas, senón na materia da que están feitas as palabras."
— Roland Barthes, *O grao cero da escritura* (1953)

"A materialidade é unha proxección da cultura entrelazada co social, ou é o que determina a cultura e o social no primeiro lugar."
— Kim de Wolff, *Materialidade* (2018)

"Eu propoñería a volta á noción de materia non como sitio ou superficie, senón como un proceso de materialización que se estabiliza a través do tempo para producir o efecto de fronteira, de permanencia e de superficie que chamamos materia."
— Judith Butler, *Corpos que importan* (1993)

As V Xornadas Internacionais de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura e a Cultura (V XIII ELC) teñen como obxectivo continuar o labor das edicións anteriores, promovendo a difusión das investigacións en curso do alumnado de mestrado e doutoramento no ámbito dos estudos da literatura e a cultura, ademais de se establecer como espazo privilexiado para o encontro, diálogo e intercambio entre investigadoras.

O tema escollido para esta edición, "Materialidades: corpos, obxectos e con-textos", invita a reflexionar sobre a dimensión material da literatura e da cultura: os corpos que producen e/ou len, os obxectos e soportes que as transmiten e as condicións concretas que as posibilitan ou as limitan.

No marco do xiro material das humanidades, entendemos que a *materia* non é un mero soporte pasivo, senón unha forza activa, un axente que configura os modos de significar, percibir e coñecer. A literatura e a cultura revélanse así como prácticas encarnadas e situadas, atravesadas por corpos, infraestruturas, tecnoloxías e afectos.

Nun presente marcado pola desmaterialización dixital, a crise ecolóxica e a precarización do traballo intelectual, as V XIII ELC propoñen repensar a literatura e a cultura a partir da materialidade: desde os corpos que as sosteñen ata os futuros posibles da materia na era tecnolóxica.

LIÑAS TEMÁTICAS

1. Corpos e corporalidades

- a. **Representacións do corpo humano, animal, vexetal e posthumano:** como os corpos aparecen na literatura e a cultura, incluíndo humanos, animais, plantas e formas post/trans-humanas ou tecnolóxicamente hibridadas, e como estas representacións comunican ideas, emocións e valores.
- b. **Estudos feministas, queer, discap/crip e dos corpos disidentes:** corpos que se desvían das normas socioculturais, a través de enfoques críticos de xénero, sexualidade e diversidade funcional, examinando como estas representacións inflúen na narrativa e nos discursos culturais.
- c. **O corpo como espazo político, afectivo e epistemolóxico:** como a literatura e outras prácticas culturais usan o corpo como lugar de poder, emocións e coñecemento, mostrando que o corpo non é neutral senón que transmite sentido.
- d. **Corpos enfermos e esgotados, coidados e resistencias:** os corpos vulnerables ou sometidos a dificultades e opresións, estudando a súa presenza na narrativa e na cultura, e como se representan os seus aspectos tanto físicos como emocionais.

2. Obxectos, soportes e arquivos

- a. **Bibliografía material, historia do libro e da lectura:** libros e outros soportes de lectura como obxectos materiais; a súa historia, a súa fabricación, a súa circulación e o seu papel na transmisión cultural.
- b. **Arquivos, museos, patrimonio e políticas de conservación:** como se organizan, conservan e presentan os obxectos culturais e os documentos literarios, así como as políticas e debates sobre as condicións de acceso ao patrimonio cultural.
- c. **Memoria material e prácticas de colección:** obxectos e espazos que gardan memoria ou significado cultural e como a súa representación ou colección inflúe na interpretación literaria e cultural.
- d. **Materialidades posdixitais:** relacións entre o ser humano e as tecnoloxías na era posdixital, en especial o impacto destas ferramentas nos procesos de creación literaria e cultural.

3. Condicións de produción e materialidade da investigación

- a. **Espazos e contextos materiais da creación e da investigación:** como os lugares físicos (bibliotecas, laboratorios, gabinetes) e os contextos concretos afectan a produción literaria, cultural e científica.
- b. **Recursos, infraestruturas, políticas universitarias e precariedade laboral:** como os recursos dispoñibles e as condicións institucionais inflúen na investigación en estudos da literatura e da cultura, e como a precariedade afecta o traballo intelectual.
- c. **A materialidade do suxeito investigador:** o papel do corpo e do benestar psicolóxico e emocional das investigadoras na produción de coñecemento literario e cultural, ademais dos problemas arredor da conciliación laboral.
- d. **Ecoloxías do saber e políticas do coñecemento:** relacións entre saberes, infraestruturas, redes de investigación e políticas culturais que condicionan a creación literaria e cultural.

4. Ecoloxías, tecnoloxías e futuros materiais

- a. **Catástrofes naturais, ecolóxicas, tecnolóxicas e sociais:** como as crises ambientais, tecnolóxicas e sociais afectan a literatura e as prácticas culturais, tanto na creación como na interpretación.
- b. **Novos materialismos e ontoloxías relacionais:** interrelación dos estudos da literatura e da cultura coas teorías filosóficas dos Novos Materialismos, de perspectiva relacional e centradas nun novo entendemento do mundo material.
- c. **Ficcións especulativas e intelixencia artificial:** representacións literarias e culturais de futuros posibles, incluíndo IA, hibridación tecnolóxica e perspectivas posthumanas.
- d. **Olladas ecocríticas e simbióticas:** como a nosa relación coa natureza inflúe activamente nas prácticas culturais e literarias, creando interdependencias e conexións entre corpos, obxectos e con-textos.

5. Materia, arte e pensamento

- a. **Materialidades (inter)artísticas e intertextuais:** como a materia e a corporalidade se expresan en diferentes disciplinas artísticas e como interactúan entre elas na cultura.
- b. **Filosofías e estéticas da materia:** marcos teóricos que consideran a materia como viva e sensible, e en especial como estas ideas inflúen na creación e análise literaria e cultural.
- c. **Texturas, superficies e pegadas tanxibles na creación literaria e cultural:** o papel do perceptible e do físico nas obras, incluíndo texturas, marcas e rastros de creación e/ou consumo que transmiten significado e emoción.
- d. **Poéticas e políticas da visibilidade:** como elementos menores, residuais ou normalmente ignorados teñen importancia estética, simbólica e política na literatura e a cultura.

REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN

Poderán participar todas as persoas que estean actualmente cursando estudos de **mestrado** ou **doutoramento**, en universidades galegas, españolas ou estranxeiras, e que desexen compartir as súas pesquisas no campo dos estudos da literatura e a cultura.

A participación será **exclusivamente presencial**, non admitíndose comunicacións por vía telemática, e os traballos serán **orixinais e inéditos**.

Data límite para o envío de propostas: **25 de novembro de 2025**.

Data aproximada de aceptación de propostas: segunda metade de xaneiro de 2026.

A inscrición no evento terá unha cota de **20 € por persoa**, que se abonará unha vez confirmada a participación.

A **asistencia** como público será **libre e gratuíta**. Para obter o certificado correspondente, será necesario asistir á meirande parte das sesións, o cal se controlará mediante sinaturas.

ENVÍO DE PROPOSTAS

As persoas interesadas deberán remitir un correo electrónico a **xornadasusc2026@gmail.com**, adxuntando un **arquivo en formato .docx ou .pdf** que conteña:

- Título da comunicación
- Resumo (entre 150 e 250 palabras)
- 3 a 5 palabras chave
- Liña e subliña(s) temática(s) de adscrición (máximo 3)
- Nome e apelidos da(s) participante(s)
- Enderezo de correo electrónico
- Institución de procedencia
- Breve nota biobibliográfica (100-150 palabras)

A duración máxima de cada comunicación será de **15 minutos**, seguidos dun debate conxunto co público asistente.

As linguas vehiculares das xornadas serán o **galego**, o **español**, o **portugués** e o **inglés**. Valorarase tamén a participación noutras linguas con docencia na Facultade (**francés, alemán, italiano e catalán**), sempre que sexan o obxecto de estudo. Nestes casos, o resumo deberá enviarse **tamén** nunha das linguas vehiculares das xornadas. A exposición oral nestas linguas ficará pendente en función das posibilidades e aptitudes lingüísticas do comité organizador.

PUBLICACIÓN

Tras a celebración das V XIIIELC, abrírase un prazo específico para o envío de textos que amplíen a investigación presentada nas xornadas, que poderán ser escollidos para a súa publicación nun volume colectivo na colección *Festina Lente. Estudos da Literatura e a Cultura* do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Os traballos serán avaliados por pares cegos seguindo criterios de calidade académica, polo que a participación nas xornadas non garante a publicación do texto.

COMITÉ ORGANIZADOR

Miguel Alcalde Silveira

Mario Castaño Otero

Mariña Ferreiro Vilariño

Irene López Batalla

Carla Vilariño Viaño

ENTIDADES COLABORADORAS

Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e a Cultura (USC)

Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS)